

**ACTA DA MESA DE CONTRATACIÓN DO 26 DE MARZO DE 2019**

Na Sala de reunións do Servizo de Contratación da Casa do Concello de Vigo, ás 11:15 horas do día 26 de marzo de 2019, reúnese a Mesa de Contratación do Concello de Vigo convocada polo presidente o 22 de marzo, para tratar os asuntos da orde do día que figuran na convocatoria.

Asisten á reunión da Mesa de Contratación:

**Presidente:** D<sup>a</sup>. María Jesús Lago Rey

**Vocais:** D<sup>a</sup>. María Isabel Fernández Gabriel, vogal suplente da titular da Asesoría Xurídica  
D<sup>a</sup>. Susana García Álvarez, vogal suplente da titular da Asesoría Xurídica (asiste ao punto 1c)  
D. Alberto Escariz Couso, vogal titular (asiste ao puntos 1a e 1b)  
D<sup>a</sup>. Olga Gómez Corbal, vogal suplente do interventor xeral  
D. José Riesgo Boluda, vogal titular  
D. Secundino Otero Faílde, vogal suplente do secretario xeral do Pleno (asiste ao punto 1c)  
D. Gilberto Moldes Crespo (asiste a punto 10b)  
D<sup>a</sup>. Beatriz Barbará Rodríguez, vogal titular (asiste ao punto 10a)

**Secretaria:** D<sup>a</sup>. Ángela Fernández López

Aberta a sesión pola Sra. presidenta procédese a tratar os puntos incluídos na orde do día:

**1.- Aprobación de actas****a) Acta do 7 de marzo de 2019**

Apróbase a acta do 7 de marzo de 2019 cos votos de D<sup>a</sup>. María Isabel Fernández Gabriel, D. Alberto Escariz Couso e D. José Riesgo Boluda.

**b) Acta do 14 de marzo de 2019 (2ª sesión)**

Apróbase a acta do 14 de marzo de 2019 cos votos de D<sup>a</sup>. María Isabel Fernández Gabriel, D. Alberto Escariz Couso e D. José Riesgo Boluda.

**c) Acta do 18 de marzo de 2019**

Apróbase a acta do 18 de marzo de 2019 cos votos de D<sup>a</sup>. Susana García Álvarez, D<sup>a</sup>. Olga Gómez Corbal e D. Secundino Otero Faílde.

**8.- Entrega e, no seu caso, aceptación dos informes de valoración dos criterios de adjudicación nos procedementos abertos, negociados e restrinxidos**

**a) Procedemento aberto para a contratación das obras de recuperación de zona verde situada sobre o falso túnel da AP-9 na parroquia de Candeán (153-441) (informe valoración proposición avaliable mediante xuízo de valor)**

A secretaria informa aos membros da Mesa que na sesión do 11 de marzo de 2019 acordouse conceder un prazo de tres días a HORDESCON, S.L. e NATURGALIA, S.L. para que presentasen o anexo VII “Grupo de empresas” do PCAP para os efectos do previsto no artigo 86 do RXLCAP. Durante o prazo concedido ambas as dúas empresas presentaron a documentación requirida na que indican que non pertencen a un grupo de empresas.

A continuación, entrégase o informe asinado polo técnico medio en Topografía da Área de Fomento, a enxeñeira industrial de Vías e Obras e o enxeñeiro de Camiños Canais e Portos municipal - xefe do Servizo de Vías e Obras e Infraestruturas o 22 de marzo de 2019 de valoración do sobre B “proposición avaliable mediante xuízo de valor” que é aceptado por unanimidade dos membros da Mesa.

Acto seguido publícase no perfil de contratante.

**b) Procedemento aberto para a contratación do servizo de mantemento integral dos elementos mecánicos ao intemperie do Concello de Vigo (29-441) (informe valoración proposición avaliable mediante xuízo de valor)**

Entrégase o informe asinado polo enxeñeiro de Camiños Canais e Portos municipal - xefe do Servizo de Vías e Obras e Infraestruturas o 22 de marzo de 2019 de valoración do sobre B “proposición avaliable mediante xuízo de valor” que é aceptado por unanimidade dos membros da Mesa.

Acto seguido publícase no perfil de contratante.

**c) Procedemento aberto para a contratación do subministro e obra de instalación de asentos para a Grada de Río Baixo no Estadio municipal de Balaídos (23-441) (informe valoración proposición avaliable mediante xuízo de valor)**

Entrégase o informe asinado polo enxeñeiro de Camiños Canais e Portos municipal - FEDER Vigo Vertical, o enxeñeiro de Camiños Canais e Portos municipal - xefe do Servizo de Vías e Obras e Infraestruturas e o xefe do Servizo Administrativo e Control Orzamentario da Área de Fomento o 22 de marzo de 2019 de valoración do sobre B “proposición avaliable mediante xuízo de valor”.

Indícase no referido informe que a empresa CIVIS GLOBAL, S.L. obtén pola súa proposición unha puntuación de 11 puntos, polo que non supera o umbral mínimo de puntuación esixido no apartado 7A do Anexo I (FEC) do PCAP (“Fíxase un umbral mínimo de puntuación: serán excluídas do proceso de licitación as ofertas que non acaden na puntuación dos criterios de xuízo de valor o 50 % da puntuación máxima da totalidade dos mesmos, por considerarse que teñen unha calidade técnica inadecuada”).

A Mesa de Contratación acepta, por unanimidade, o informe e acorda excluír a CIVIS GLOBAL, S.L. por non acadar a súa proposición avaliable mediante xuízo de valor o umbral mínimo de puntuación esixido no apartado 7A do Anexo I (FEC) do PCAP ao



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 13/05/2024 16:04	Páxina 2 de 14
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A7AC41-E7B5A4-D32538-D42W9B-LCU7RX-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

Servizo de  
CONTRATACIÓN

CONCELLERÍA  
DE  
CONTRATACIÓN

CONCELLO  
DE VIGO



considerarse que ten unha calidade técnica inadecuada.

Acto seguido publícase no perfil de contratante.

## 2.- Apertura administrativa/Cualificación da documentación acreditativa do cumprimento dos requisitos previos

### a) Procedemento aberto para a contratación do servizo de mantemento dos edificios dos centros municipais de distrito dependentes da Unidade de Participación Cidadá do Concello de Vigo (8.348-320)

A secretaria le o listado de licitadores presentados a este procedemento segundo consta no certificado expedido polo Rexistro Xeral e na plataforma de licitación electrónica. Aclárase que a pesar de que no certificado do Rexistro constan 3 rexistros de entrada de GALLEGA DE PROYECTOS Y SERVICIOS, S.L., na plataforma de licitación electrónica só consta a última oferta presentada dentro de prazo.

Pregúntase aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses con algún dos licitadores. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses cos licitadores.

A continuación procédese á cualificación dos documentos que compoñen o sobre A "Documentación persoal", tras a súa descrición pola Secretaría e a Presidencia, e acórdase, por unanimidade:

- Admitir neste procedemento a CLECE, S.A. por ter presentado correctamente a documentación esixida no prego de cláusulas administrativas para declarar o cumprimento dos requisitos previos.
- Outorgar un prazo de tres días a E7 2014, S.L. para que poida emendar a documentación presentada segundo o esixido no prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP) que rexe esta contratación. Concretamente deberá cumprimentar a "Parte III: Motivos de exclusión" do DEUC. Indícase que aínda que o licitador tampouco declarou a solvencia técnica, como presentou neste sobre, entre outros documentos, unha declaración sobre outros contratos similares aos do contrato que se licita, enténdese emendado este aspecto.
- Excluír a GALLEGA DE PROYECTOS Y SERVICIOS, S.L. por non cumprir os requisitos de presentación da documentación previstos na lexislación contractual e no prego de cláusulas administrativas particulares ao ter desvelado a súa proposición avaliable a través de fórmula no sobre A "DOCUMENTACIÓN PERSOAL" antes da valoración das proposicións avaliables mediante xuízo de valor, contaminando así o procedemento ao non poder garantir o respecto dos principios de igualdade de trato e segredo das proposicións.

De conformidade co artigo 146.2b) da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público "En todo caso, a avaliación das ofertas conforme aos criterios cuantificables mediante a mera aplicación de fórmulas realizarase tras efectuar previamente a daqueles outros criterios nos que non concorran esta circunstancia, deixándose constancia documental diso. A citada avaliación previa farase pública no acto no que se proceda á apertura do sobre que conteña os elementos da oferta que se valorarán mediante a mera aplicación de fórmulas".

Segundo o artigo 26 do RD 817/2009, do 8 de maio "A documentación relativa aos criterios cuxa ponderación dependa dun xuízo de valor debe presentarse, en todo caso, en sobre independente do resto da proposición con obxecto de evitar o coñecemento desta última antes de que se teña efectuado a valoración daqueles".



O artigo 30.2 establece “En todo caso, a valoración dos criterios cuantificables de forma automática efectuarase sempre con posterioridade á daqueles cuxa cuantificación dependa dun xuízo de valor”.

### 3.- Apertura da documentación técnica

#### a) Procedemento aberto para a contratación do servizo de mantemento dos edificios dos centros municipais de distrito dependentes da Unidade de Participación Cidadá do Concello de Vigo (8.348-320)

Retírase da orde do día porque a Mesa acordou conceder a un dos licitadores un prazo para a emenda da documentación persoal.

### 5.- Apertura administrativa e técnica

#### a) Procedemento aberto simplificado para a contratación de servizos de produción técnica de apoio á celebración de eventos deportivos do programa “Calendario de eventos deportivos da Cidade de Vigo” (18.041-333)

A secretaria le o listado de licitadores presentados (TEAM RELAY, S.L. e SOLIMUSIC EVENT, S.L.U.) a este procedemento segundo consta no certificado expedido polo Rexistro Xeral e na plataforma de licitación electrónica e pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses con eles. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses cos licitadores.

Acto seguido procédese á descriptación dos documentos que compoñen o sobre A (documentación persoal e proposición avaliable mediante xuízo de valor).

Compróbase, en primeiro lugar, a documentación persoal e a continuación a “Proposición avaliable mediante xuízo de valor”. Examinada a referida documentación a Mesa acorda, por unanimidade

- Admitir neste procedemento a SOLIMUSIC EVENT, S.L.U. por ter presentado correctamente a documentación esixida no prego de cláusulas administrativas para declarar o cumprimento dos requisitos previos.
- Outorgar un prazo de tres días a TEAM RELAY, S.L. para que poida emendar a documentación presentada segundo o esixido no prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP) que rexe esta contratación. Concretamente deberá declarar que posúe a solvencia técnica e os medios persoais esixidos para esta licitación. Para iso será suficiente con que responda afirmativamente á seguinte pregunta recollida na parte IV do DEUC:

“Parte IV: Criterios de selección

a: Indicación global relativa a todos os criterios de selección

Respecto a los criterios de selección, el operador económico declara que:

Cumple todos los criterios de selección requeridos

Indique la respuesta”

### 4.- Apertura económica

#### a) Procedemento aberto para a contratación das obras de recuperación de zona verde situada sobre o falso túnel da AP-9 na parroquia de Candeán (153-441)



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 13/05/2024 16:04	Páxina 4 de 14
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A7AC41-E7B5A4-D32538-D42W9B-LCU7RX-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

Servizo de  
CONTRATACIÓN

CONCELLERÍA  
DE  
CONTRATACIÓN

CONCELLO  
DE VIGO



Pola Secretaría e a Presidencia procédese, en acto público, á descrición dos documentos que compoñen o sobre C "Proposición avaliable mediante fórmula" dos licitadores presentados e admitidos co seguinte resultado:

	Licitador	Redución do prezo do contrato
1	NEXIA INFRAESTRUCTURAS, S.L.	530.646,69 €
2	CONSTRUCCIONES RAMÍREZ, S.L.	535.144,30 €
3	OBRAS, REFORMAS Y SANEAMIENTOS, S.L.	509.015,33 €
4	CIVIS GLOBAL, S.L.	559.274,34 €
5	SERGONSA SERVICIOS, S.L.	535.568,99 €
6	XESTION AMBIENTAL DE CONTRATAS, S.L.	520.437,83 €
7	ELSAMEX, S.A.	598.640,64 €
8	CALFENSA PROYECTOS, S.L.	557.204,01 €
9	CONSTRUCCIONES OBRAS Y VIALES, S.A.	530.289,75 €
10	ORECO, S.A.	580.049,03 €
11	CONSTRUCCIONES TABOADA Y RAMOS, S.L.	563.985,84 €
12	HORDESCON, S.L.	592.685,17 €
13	NATURGALIA, S.L.	639.033,67 €
14	NAROM, S.L.	547.288,97 €
15	UTE CONSTRUCTORA SAN JOSE S.A.- EL EJIDILLO VIVEROS INTEGRALES, S.L.	620.170,57 €

Asisten á apertura D<sup>a</sup>. María Isabel Mellado Aguirre, con DNI 2\*.0\*\*.67\*\*, en representación de PRACE, SERVICIOS Y OBRAS, S.A., D. Manuel Alonso Vasconcelos, con DNI \*\*.1\*.2.26\*, en representación da Federación Galega da Construción, D. Juan Carlos Vilariño, con DNI \*3.2\*\*.54\*, en representación de CALFENSA PROYECTOS, S.L. e D. Felipe Comesaña, con DNI 1\*.00\*.5\*\*, en representación de CIVIS GLOBAL, S.L. As actas de asistencia asinadas figuran no correspondente expediente.

A Mesa, por unanimidade dos membros presentes, acorda solicitar informe sobre a referida documentación económica ao servizo xestor.

**b) Procedemento aberto para a contratación do servizo de mantemento integral dos elementos mecánicos ao intemperie do Concello de Vigo (29-441)**

Pola Secretaría e a Presidencia procédese, en acto público, á descrición dos documentos que compoñen o sobre C "Proposición avaliable mediante fórmula" dos licitadores presentados e admitidos co seguinte resultado:

	Licitador	Redución do prezo total do contrato	% desconto ofertado para os prezos unitarios a aplicar en caso de modificación do contrato
1	THYSSENKRUPP ELEVADORES, S.L.U.	155.360,66 €	27,1%
2	SCHINDLER, S.A.	98.227,80 €	42%



	Licitador	Redución do prezo total do contrato	% desconto ofertado para os prezos unitarios a aplicar en caso de modificación do contrato
3	ASCENSORES ENOR, S.L.	166.630,07 €	15%

Todos os licitadores presentan o orzamento detallado esixido no PCAP.

Asisten á apertura D. Santiago Canto Iglesias, con DNI 3\*.4\*\*.73\*, en representación de SCHINDLER, S.A., D. Iván Bouzas Rodríguez, con DNI 3\*.14\*.7\*\* e D. Enrique Alfonsín Penado, con DNI 53.\*\*\*.60\*, ambos en representación de ASCENSORES ENOR, S.L. As actas de asistencia asinadas figuran no correspondente expediente.

A Mesa, por unanimidade dos membros presentes, acorda solicitar informe sobre a referida documentación económica ao servizo xestor.

### c) Procedemento aberto para a contratación do subministro e obra de instalación de asentos para a Grada de Río Baixo no Estadio municipal de Balaídos (23-441)

Pola Secretaría e a Presidencia procédese, en acto público, á descriptación dos documentos que compoñen o sobre C "Proposición avaliable mediante fórmula" dos licitadores presentados e admitidos co seguinte resultado:

	Licitador	Redución prezo contrato	Incremento prazo garantía
1	PRACE, SERVICIOS Y OBRAS, S.A.	546.952,53	12 meses
2	S.A. DE OBRAS Y SERVICIOS, COPASA	549.703,00	12 meses

Asisten á apertura D<sup>a</sup>. María Isabel Mellado Aguirre, con DNI 2\*.0\*\*.67\*\*, en representación de PRACE, SERVICIOS Y OBRAS, S.A., D. Manuel Alonso Vasconcelos, con DNI \*\*.1\*2.26\*, en representación da Federación Galega da Construción e D. Rodrigo Taboada Acevedo, con DNI 3\*.0\*\*.01\*, en representación de S.A. DE OBRAS Y SERVICIOS, COPASA. As actas de asistencia asinadas figuran no correspondente expediente.

A Mesa, por unanimidade dos membros presentes, acorda solicitar informe sobre a referida documentación económica ao servizo xestor.

## 10.- Propostas de adxudicación

### a) Procedemento aberto para a contratación do servizo para a xestión das Escolas infantís municipais (EIMs) de Tomás Alonso e Bouzas (21.847-332)

Con carácter previo ao tratamento deste punto, a xefa do Servizo de Contratación informa á Mesa de que en data 14 de febreiro de 2019, D. Alberto Domínguez Crispín, en nome e representación de CLECE, S.A., achega, coa documentación que lle foi solicitada en calidade de primeiro clasificado neste procedemento, un escrito solicitando a modificación do contrato para reequilibralo economicamente. Xustifica esta solicitude no feito do incremento do salario mínimo interprofesional para o ano



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 13/05/2024 16:04	Páxina 6 de 14
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A7AC41-E7B5A4-D32538-D42W9B-LCU7RX-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		



2019 aprobado por RD 1462/2018, pois entre o persoal que puidera ter dereito a subrogación de ambas escolas hai traballadores que cobran o salario mínimo. En consecuencia, solicita un incremento do prezo dun 3,41% para o lote 1 (EIM de Tomás Alonso), de 8.498,28 € ano sen IVE, e dun 3,39 % para o lote 2 (EIM de Bouzas), de 8.354,53 € ano sen IVE. Esta solicitude foi denegada por acordo da XGL de data 22 de marzo de 2019, por canto non é posible modificar un contrato que neste intre non existe.

Os contratos, tal e como establece o artigo 136.1 da LCSP, perfecciónanse coa súa formalización. As únicas excepcións a esta regra constitúena os contratos menores, os baseados nun acordo marco e os específicos celebrados no marco dun sistema dinámico de adquisición. No entanto, no citado acordo do 22 de marzo de 2019 apúntanse as razóns polas que non procedería o reequilibrio dun contrato por mor dunha suba salarial para que o licitador poida ter elementos de xuízo de cara a valorar unha posible renuncia á formalización do contrato.

En consecuencia, resolta esta solicitude, a citada funcionaria considera que a documentación achegada é correcta e non existe inconveniente na continuación da tramitación do expediente de contratación coa formulación de proposta de adxudicación do contrato ao órgano de contratación.

### **LEXISLACIÓN APLICABLE**

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto legislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto para a contratación do servizo para a xestión das Escolas infantís municipais (EIMs) de Tomás Alonso e Bouzas (21.847-332)

### **ANTECEDENTES**

**Primeiro.-** A Xunta de Goberno local na sesión que tivo lugar o 4 de outubro de 2018, adoptou o seguinte acordo:

*“Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas nos lotes 1 e 2 do procedemento aberto para a contratación dos servizos para a xestión das escolas infantís municipais “Tomás Alonso” e “Bouzas” (21.847-332) na seguinte orde descendente:*

#### **LOTE 1 ESCOLA INFANTIL MUNICIPAL TOMÁS ALONSO**

	<b>Licitador</b>	<b>Puntuación total</b>
1	PROMOCIÓN FORMACIÓN LAS PALMAS, S.L.	90,75
2	COLEGIO LOS MILAGROS, S.L.	87,48



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 13/05/2024 16:04	Páxina 7 de 14
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A7AC41-E7B5A4-D32538-D42W9B-LCU7RX-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		



3	CLECE, S.A.	82,25
---	-------------	-------

**LOTE 2 ESCOLA INFANTIL MUNICIPAL BOUZAS**

	<b>Licitador</b>	<b>Puntuación total</b>
1	PROMOCIÓN FORMACIÓN LAS PALMAS, S.L.	91,75
2	COLEGIO LOS MILAGROS, S.L.	86,64
3	CLECE, S.A.	85,31

*Segundo.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar nos dous lotes, PROMOCIÓN FORMACIÓN LAS PALMAS, S.L., para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):*

1. *Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.*
2. *A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).*
3. *Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares”.*

**Primeiro.-** Na sesión do 24 de outubro de 2018 a Xunta de Goberno local acordou:

1. *“Adxudicar a PROMOCIÓN FORMACIÓN LAS PALMAS, S.L. o lote 1 “EIM Tomás Alonso” do procedemento aberto para a contratación dos servizos para a xestión das escolas infantís municipais “Tomás Alonso” e “Bouzas” (21.847-332) por un prezo total de 902.675,23 euros (exento de IVE) e coas seguintes condicións:*
  - a) *Comprométese a realizar 5 saídas e visitas didácticas anuais.*
  - b) *Comprométese a realizar 10 actividades de escola de pais anuais.*
2. *Adxudicar a PROMOCIÓN FORMACIÓN LAS PALMAS, S.L. o lote 2 “EIM Bouzas” do procedemento aberto para a contratación dos servizos para a xestión das escolas infantís municipais “Tomás Alonso” e “Bouzas” (21.847-332) por un prezo total de 881.682,78 euros (exento de IVE) e coas seguintes condicións:*
  - a) *Comprométese a realizar 5 saídas e visitas didácticas anuais.*
  - b) *Comprométese a realizar 10 actividades de escola de pais anuais.*

*Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e as ofertas presentadas”.*

**Terceiro.-** Con data do 3 de novembro de 2018, D. José Luis Rey Parente, en nome e representación de COLEGIO LOS MILAGROS, S.L., interpuxo de recurso especial en



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 13/05/2024 16:04	Páxina 8 de 14
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A7AC41-E7B5A4-D32538-D42W9B-LCU7RX-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		



Servizo de  
CONTRATACIÓN

CONCELLERÍA  
DE  
CONTRATACIÓN

CONCELLO  
DE VIGO



materia de contratación contra o acordo de adxudicación.

**Cuarto.-** a Xunta de Goberno local, na sesión do 3 de xaneiro de 2019, adoptou o seguinte acordo:

*"1º.- Tomar razón da Resolución nº 113/2018 Do Tribunal Administrativo de Contratación Pública da Comunidade Autónoma de Galicia(TACGAL), recaída no recurso nº 118/2018, interposto por D. José Luís Rey Parente actuando en nome e representación do COLEGIO LOS MILAGROS, S.L. contra a adxudicación polo Concello de Vigo da contratación dun servizo de xestión parcial das escolas infantís de Tomas Alonso e de Bouzas, expediente 21847-332. Na mesma o TACGAL desestima o recurso.*

*Transcríbese a continuación o acordo:*

*1. Estimar o recurso interposto por COLEGIO LOS MILAGROS, S.L. contra a adxudicación polo Concello de Vigo da contratación dun servizo de xestión parcial das escolas infantís de Tomas Alonso e de Bouzas, expediente 21847-332, e anular a tal adxudicación cos efectos recollidos no último dos fundamentos.*

*2. Levantar a suspensión acordada no seu día.*

*3. Ao abeiro do artigo 57.4 LCSP, o órgano de contratación deberá dar coñecemento a este Tribunal das actuacións adoptadas para lle dar cumprimento a esta resolución.*

*2º.- Dar traslado do expediente ao servizo de Contratación aos efectos de continuar coa tramitación do presente expediente".*

**Cuarto.-** A Xunta de Goberno local, na sesión ordinaria do 31 de xaneiro de 2019, adoptou o seguinte acordo:

*"Á vista das actuacións desta Mesa de Contratación, dos informes de valoración das proposicións presentadas e da resolución 113/2018, do 30 de novembro de 2018, do Tribunal Administrativo de Contratación Pública de Galicia, por unanimidade dos asistentes, propónse á Xunta de Goberno local, na súa calidade de órgano de contratación (disposición adicional 2ª da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público - LCSP), a adopción do seguinte acordo:*

*Primeiro.- Dar conta das exclusións acordadas pola Mesa de Contratación do Concello de Vigo, na sesión do 24 de xaneiro de 2018, de PROMOCIÓN FORMACIÓN LAS PALMAS, S.L. e COLEGIO LOS MILAGROS, S.L. dos lotes 1 e 2 deste procedemento por non axustarse as súas proposicións avaliadas mediante xuízo de valor á cláusula 4.1 do prego de prescricións técnicas particulares (motivo de exclusión previsto na cláusula 14.2B do prego de cláusulas administrativas particulares).*

*Segundo.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas nos lotes 1 e 2 do procedemento aberto para a contratación do servizo para a xestión das Escolas infantís municipais (EIMs) de Tomás Alonso e Bouzas (21.847-332) na seguinte orde descendente:*



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 13/05/2024 16:04	Páxina 9 de 14
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A7AC41-E7B5A4-D32538-D42W9B-LCU7RX-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

Lote 1 Escola infantil municipal Tomás Alonso:

	Licitador	Puntuación total
1	CLECE, S.A.	98,75 puntos

Lote 1 Escola infantil municipal Bouzas:

	Licitador	Puntuación total
1	CLECE, S.A.	98,75 puntos

Terceiro.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar nos dous lotes, CLECE, S.A., para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).
3. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares”.

**Quinto.-** O anterior acordo foi notificado ao único licitador clasificado, CLECE, S.A., o día 1 de febreiro de 2019. Dentro do prazo concedido, o 14 de febreiro de 2019, D. Alberto Domínguez Crispín, en nome e representación de CLECE, S.A., achegou a documentación requirida xunto cun escrito no que solicita a modificación do contrato para reequilibralo economicamente por mor da suba do salario mínimo interprofesional para o ano 2019 aprobada por RD 1462/2018.

**Sexto.-** A Xunta de Goberno local, na sesión ordinaria do 22 de marzo de 2019, acordou “Desestimar a solicitude, formulada por D. Alberto Domínguez Crispín, en nome e representación de CLECE, S.A., en data 14 de febreiro de 2019 de modificación do contrato de servizo para a xestión das Escolas infantís municipais (EIMs) de Tomás Alonso e Bouzas, por ruptura do equilibrio económico do mesmo [...]”.

**Sétimo.-** A Mesa de Contratación, na sesión do 25 de marzo de 2019, revisou a documentación presentada por CLECE, S.A. xustificativa das circunstancias ás que se refire o artigo 150.2 da LCSP. Sendo correcta a documentación, a Mesa acordou, por unanimidade dos membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.

## **FUNDAMENTOS XURÍDICOS**



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 13/05/2024 16:04	Páxina 10 de 14
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A7AC41-E7B5A4-D32538-D42W9B-LCU7RX-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

Servizo de  
CONTRATACIÓN

CONCELLERÍA  
DE  
CONTRATACIÓN

CONCELLO  
DE VIGO



**Primeiro.-** A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante no prazo de quince días (artigo 151.1 LCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar CLECE, S.A., como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

**Segundo.-** A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que presente a proposición que contivese a oferta economicamente máis vantaxosa de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexe a licitación (artigo 22.1.g RLCSP).

A oferta coa mellor relación calidade-prezo para a administración contratante é a formulada por CLECE, S.A., de conformidade co acordo adoptado pola Mesa de Contratación do 24 de xaneiro de 2019, polo que, á vista da exclusión de PROMOCIÓN FORMACIÓN LAS PALMAS, S.L. e COLEGIO LOS MILAGROS, S.L. dos lotes 1 e 2 deste procedemento e ao abeiro do previsto na cláusula 16.3 do PCAP, se lle outorgou a máxima puntuación pola súa proposición avaliable mediante fórmula ao ser o único licitador admitido nos dous lotes.

**Terceiro.-** A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

1. *“Adxudicar a CLECE, S.A. o lote 1 “EIM Tomás Alonso” do procedemento aberto para a contratación dos servizos para a xestión das escolas infantís municipais “Tomás Alonso” e “Bouzas” (21.847-332) por un prezo total de 997.622,36 euros (exento de IVE) e coas seguintes condicións:*
  - a) *Comprométese a realizar 5 saídas e visitas didácticas anuais.*
  - b) *Comprométese a realizar 10 actividades de escola de pais anuais.*
  
2. *Adxudicar a CLECE, S.A. o lote 2 “EIM Bouzas” do procedemento aberto para a contratación dos servizos para a xestión das escolas infantís municipais “Tomás Alonso” e “Bouzas” (21.847-332) por un prezo total de 986.062,36 euros (exento de IVE) e coas seguintes condicións:*
  - a) *Comprométese a realizar 5 saídas e visitas didácticas anuais.*
  - b) *Comprométese a realizar 10 actividades de escola de pais anuais.*



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 13/05/2024 16:04	Páxina 11 de 14
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A7AC41-E7B5A4-D32538-D42W9B-LCU7RX-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e as ofertas presentadas”.

## **b) Procedemento aberto para a contratación das obras de ampliación e reestruturación do parque infantil da rúa Jenaro de la Fuente (11.543-446)**

### **LEXISLACIÓN APLICABLE**

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto legislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto para a contratación das obras de ampliación e reestruturación do parque infantil da rúa Jenaro de la Fuente (11.543-446)

### **ANTECEDENTES**

**Primeiro.-** A Xunta de Goberno local na sesión que tivo lugar o 7 de marzo de 2019, adoptou o seguinte acordo:

*“Primeiro.- Dar conta das exclusións acordadas pola Mesa de Contratación do Concello de Vigo, na sesión do 14 de febreiro de 2019, de ELSAMEX, S.A.U. e NEXIA INFRAESTRUCTURAS S.L.U. por non reunir as cartas de compromiso presentadas no sobre B os requisitos esixidos no apartado 6A.4 do Anexo I (FEC) do PCAP e non telos emendado no prazo concedido para o efecto.*

*Segundo.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación das obras de ampliación e reestruturación do parque infantil da rúa Jenaro de la Fuente (11.543-446) na seguinte orde descendente:*

<b>Ord e</b>	<b>Licitador</b>	<b>Puntuación total</b>
1	HPC IBÉRICA, S.A.	94,77
2	BRICANTEL ESPAÑA, S.L.	83,03
3	UTE LAPPSET, S.L. - ACEVI, S.L.	69,06



Servizo de  
CONTRATACIÓN

CONCELLERÍA  
DE  
CONTRATACIÓN

CONCELLO  
DE VIGO



*Terceiro.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, HPC IBÉRICA, S.A., para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):*

1. *Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.*
2. *A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).*
3. *Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares”.*

**Segundo.-** Este acordo foi notificado ao licitador clasificado en primeiro lugar, HPC IBÉRICA, S.A., o día 7 de marzo de 2019, que presenta a documentación requirida o 21 de marzo, dentro do prazo concedido.

**Terceiro.-** A Mesa de Contratación na sesión do 26 de marzo de 2019 revisou a documentación presentada, sendo esta correcta, polo que acordou, por unanimidade dos membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.

## FUNDAMENTOS XURÍDICOS

**Primeiro.-** A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante no prazo de quince días (artigo 151.1 LCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar HPC IBÉRICA, S.A., como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

**Segundo.-** A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que teña presentado a mellor oferta, de conformidade coo disposto no artigo 145, segundo proceda de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexa a licitación.

A oferta coa mellor relación calidade-prezo para a administración contratante é a formulada por HPC IBÉRICA, S.A., de acordo cos informes de valoración das proposicións avaliábeis mediante xuízo de valor e das proposicións avaliábeis mediante fórmula, de datas 12 e 25 de febreiro de 2019, respectivamente.

**Terceiro.-** A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 13/05/2024 16:04	Páxina 13 de 14
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A7AC41-E7B5A4-D32538-D42W9B-LCU7RX-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

órgano de contratación.

En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

*“Adxudicar a HPC IBÉRICA, S.A. o procedemento aberto para a contratación das obras de ampliación e reestruturación do parque infantil da rúa Jenaro de la Fuente (11.543-446) coas seguintes condicións:*

- a) *O prezo total do contrato é de 439.880,96 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 76.342,98 euros.*
- b) *Propón un prazo mínimo de garantía dos elementos que configuran o parque infantil de 10 anos.*
- c) *Comprométese ao mantemento do parque infantil por un período de 6 meses.*

*Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada”.*

Non tendo máis asuntos que tratar, a presidenta declara finalizada a sesión ás 12:40 horas. De todo o tratado eu secretaria dou fe.

(Documento asinado dixitalmente polos membros da Mesa asistentes a esta sesión)



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 13/05/2024 16:04	Páxina 14 de 14
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A7AC41-E7B5A4-D32538-D42W9B-LCU7RX-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		